

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2020, acordou, entre outros asuntos, aprobar as seguintes bases:

### **BASES DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA PARTICIPAR EN FESTIVAIS, CERTAMES E CONCURSOS DE MÚSICA E BAILE NO ÁMBITO INTERNACIONAL, ANO 2020 (PROCEDEMENTO SIA 2277260)**

A Deputación de Pontevedra establece as bases reguladoras da concesión de subvencións públicas destinadas a promover e fomentar as actividades culturais, segundo os principios de obxectividade, concorrencia competitiva, publicidade e transparencia.

#### **Primeira. Obxecto**

A Deputación concederalle, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para promover, fomentar e difundir a música tradicional galega nas súas variadas e múltiples vertentes e estilos ás entidades sen fins de lucro da provincia de Pontevedra que vaian participar en festivais, certames e concursos de ámbito internacional que se desenvolvan fóra do territorio nacional entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020 e que teñan relevancia para os intereses provinciais.

Poderán ser obxecto de financiamento as seguintes actividades:

- Festivais musicais
- Encontros de carácter internacional
- Certames e concursos internacionais
- Intercambios culturais para potenciar o patrimonio musical ou cultural

Quedan excluídos desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención, os seguintes conceptos:

- As actividades subvencionadas no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións ou plans provinciais da Deputación
- Os gastos de funcionamento das entidades, os gastos correntes, os gastos bancarios, os gastos de persoal da propia entidade e as actividades xerais que se realizan ao longo de todo o ano
- As viaxes de lecer e as excursións

#### **Segunda. Dotación económica**

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020. Estas subvencións convócanse con cargo á aplicación 20/330.3340.489.05 do Orzamento da Deputación para o ano 2020 por un importe total de trinta mil (30.000,00) euros.



### Terceira. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas subvencións as entidades xurídicas sen fins de lucro que establezan entre os seus fins e obxectivos a práctica e o fomento da cultura tradicional galega nas súas vertentes de baile e música, e que reúnan os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro (feito que se debe acreditar cunha declaración responsable da persoa representante)
- Ter o domicilio fiscal na provincia de Pontevedra
- Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas
- Non estar incursas en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda autonómica e coa Deputación

### Cuarta. Lugar e prazo de presentación

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda.

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

O prazo para a presentación de solicitudes empezará a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e o seu extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e rematará o 15 de abril de 2020.

### Quinta. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a. NIF da entidade titular do centro
- b. DNI ou NIE da persoa representante legal da entidade
- c. Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra



No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

### **Sexta. Documentación**

Cada entidade pode presentar unha única solicitude para optar a esta convocatoria, na que se indicará a actividade concreta que se vai realizar.

As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- Memoria explicativa do evento no que participarán, asinada pola persoa representante
- Carta de invitación ou documentación fidedigna e acreditativa para a participación da agrupación no evento internacional
- Orzamento pormenorizado e totalizado (incluíndo as cantidades, os prezos unitarios e o IVE detallado) da actividade concreta que se vai realizar, asinado pola persoa representante

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria de xeito presencial requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se presenten de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Deputación de Pontevedra permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos que xa se presentasen anteriormente nesta Deputación. Para estes efectos a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.



### Sétima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban levar a cabo durante a tramitación deste procedemento terán que realizarse electronicamente a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

### Oitava. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### Novena. Valoración e concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva tendo en conta para a súa adxudicación os seguintes criterios:

- 1) Orzamento total da actividade obxecto de subvención, ata 40 puntos:

≤ 600	3 puntos	> 4.500 ≤ 5.000	26 puntos
> 600 ≤ 1.000	6 puntos	> 5.000 ≤ 6.000	28 puntos
>1.000 ≤ 1.500	9 puntos	> 6.000 ≤ 7.000	30 puntos
>1.500 ≤ 2.000	12 puntos	> 7.000 ≤ 9.000	32 puntos



>2.000 ≤ 2.500	15 puntos	> 9.000 ≤ 12.000	34 puntos
>2.500 ≤ 3.000	18 puntos	> 12.000 ≤ 15.000	36 puntos
> 3.000 ≤ 3.500	20 puntos	> 15.000 ≤ 20.000	38 puntos
>3.500 ≤ 4.000	22 puntos	> 20.000≥	40 puntos
> 4.000 ≤ 4.500	24 puntos		

2) Porcentaxe solicitada de financiamento, ata 20 puntos

≤ 25 %	20 puntos
> 25 % ≤ 50 %	15 puntos
> 50 % ≤ 75 %	10 puntos
> 75 %	5 puntos

3) Numero de edicións do evento obxecto da participación, ata 15 puntos

≤ 5	5 puntos
06 - 10	8 puntos
11 - 15	10 puntos
> 15	15 puntos

4) Número de persoas que se desprazan para participar no evento, ata 15 puntos

< 5	3 puntos
5 - 10	5 puntos
11 - 20	8 puntos
21 - 35	10 puntos
36 - 50	12 puntos
> 50	15 puntos

A Deputación poderá requirirles ás entidades solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente. Tamén poderá dispoñer que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polas entidades solicitantes.

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin, tendo en conta que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100 % do custo da actividade ou investimento que desenvolva a entidade beneficiaria.



### **Décima. Instrución do procedemento e resolución**

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Cultura, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base sétima, explicando o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da Lei xeral de subvencións (LXS). Este informe-proposta, xunto coa relación de todos os expedientes, remitiráselle a Intervención para a súa fiscalización.

Posteriormente a comisión de valoración realizará un estudo do informe-proposta das solicitudes de subvención emitido polo xefe do Servizo. Esta comisión é un órgano colexiado composto por:

- Presidenta: a deputada delegada da área de Cultura
- Vogais: dous membros do persoal técnico do Servizo de Cultura e un do persoal técnico do Servizo de Intervención
- Secretaria ou secretario: un membro do funcionariado do Servizo de Cultura, que actuará sen voto

A comisión de valoración poderá:

- Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver
- Emitir un informe ao respecto das solicitudes de subvención

O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva.

A proposta de concesión de subvencións someterase á aprobación do órgano competente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas conforme ao previsto no artigo 40 da LPACAP.

Logo de transcorridos seis meses a partir do día seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación da solicitude sen notificarse a resolución as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

### **Décimo primeira. Modificación da resolución**

Tal como se establece no artigo 64 do Regulamento da LXS (R. d. 887/2006, de 21 de xullo) e no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, unha vez notificada a resolución de concesión, despois dunha solicitude razoada, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido, que poderá autorizarse sempre que se manteña a finalidade da axuda e non se danen dereitos de terceiras persoas.



Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun mes desde a notificación da concesión e será obxecto de resolución da Presidencia, logo dunha proposta previa da comisión de valoración, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao importe da subvención e ao orzamento subvencionado
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente a comisión de valoración, logo do informe do Servizo de Cultura, deberá determinar o novo orzamento subvencionado e o novo importe da subvención, que serán inferiores aos inicialmente establecidos

#### **Décimo segunda. Obrigas das entidades beneficiarias**

As entidades beneficiarias da subvención teñen que cumprir as seguintes obrigas:

- a) Levar a cabo a actividade subvencionada entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020
- b) Notificarlle á Deputación de Pontevedra as axudas, ingresos ou recursos que financien a actuación subvencionada, obtidos ou solicitados a outras administracións ou entidades públicas ou privadas, con posterioridade á presentación da solicitude da convocatoria correspondente
- c) Proporcionar en todo momento a información que lle sexa solicitada respecto da subvención concedida e someterse ás actuacións de comprobación da Intervención da Deputación de Pontevedra, segundo a súa normativa
- d) Facer constar os logos da Deputación de Pontevedra en todos os elementos de difusión relacionados coa actividade subvencionada mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos
- e) Colocar os elementos publicitarios que lles poida facilitar a Deputación de Pontevedra
- f) Outras obrigas previstas na normativa de subvencións

#### **Décimo terceira. Xustificación**

Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas e realizada a actividade as entidades beneficiarias deberán xustificalas. O prazo para presentar a xustificación da axuda remata o 28 de febreiro de 2021.

Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial e, con carácter xeral, non se admitirán como válidos os xustificantes referidos a alimentos e bebidas.



Para percibir a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>:

- a. Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen a actividade realizada e os resultados obtidos.
- b. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando en cada unha o número de unidades, os prezos unitarios destas e mais o custo total. Non se admitirán as nóminas do persoal propio da entidade.  
As facturas presentadas para xustificar as subvencións con data posterior á finalización do prazo de xustificación en ningún caso terán carácter de gasto subvencionable.
- c. Conta xustificativa dos gastos na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, e na que se poña de relevo que os gastos que figuran na mencionada conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda, e que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame.
- d. Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.
- e. Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaráselles preferiblemente ás e aos provedores antes da presentación da xustificación da subvención pero, en todo caso, deberán aboarse no prazo máximo dun mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.
- f. As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que se identifiquen a entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente poderá empregarse o pagamento en metálico cando non sexa posible unha forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, sempre que supere o importe de novecentos (900,00) euros.
- g. Declaración de que non se recibiron outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada.



- h. Para cobrar a axuda concedida as entidades, no momento do pago, deberán estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación que determinará de oficio a propia institución provincial.
- i. Acreditar a debida difusión, polo menos en lingua galega, mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos, do financiamento por parte do organismo provincial desta actividade a través do logotipo “Deputación de Pontevedra”.

#### **Décimo cuarta. Pagamento**

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % aboarase a parte proporcional da subvención

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade perceptora.

#### **Décimo quinta. Incumprimento**

Logo de vencido o prazo de xustificación sinalado na base oitava sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Cultura requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

#### **Décimo sexta. Devolución e reintegro**

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse, previa instrución dos procedemento administrativo de reintegro, nos seguintes casos:

- Por obtelas falseando as condicións requiridas
- Por non aplicarlas aos fins para os que foron concedidas
- Por incumprir a entidade beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

#### **Décimo sétima. Órgano de aprobación**

De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do Orzamento para o ano 2020, e cumprindo o establecido no artigo 18 da LXS, o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.



#### **Décimo oitava. Publicidade da convocatoria**

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, o texto da convocatoria remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

#### **Décimo novena. Protección de datos**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra en calidade de órgano responsable coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

#### **Vixésima. Recursos**

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, que se entenderá como desestimado se transcorre este período de tempo sen contestar. Neste caso poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses. Igualmente, contra esta resolución tamén poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda desestimado.



**Vixésimo primeira. Dereito supletorio**

Para o non disposto nestas bases contemplarase o establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación publicada no BOPPO núm. 249, do 30 de decembro de 2016; nas Bases de execución do Orzamento provincial para o exercicio 2020; na LXS e na demais lexislación de desenvolvemento.

